




## Ollos abertos

### Os pobres, entre nós

Oímos falar dos pobres; a través da televisión vemos persoas que pasan necesidade. Tamén preto de nós quizais haxa xente que o pasa mal.



- ▶ ¿Oíches falar destas distintas clases de pobres? ¿De cales?
- ▶ Busca nos xornais algunhas fotos que reflictan estas pobrezaas.



## Mirada penetrante

### Actitudes ante os pobres

Ante os pobres e necesitados pódense ter distintas actitudes. Velaquí algunhas

#### ■ Actitudes ante os pobres e necesitados

1 “¿Que sería dos pobres sen a miña axuda? Xa me poden estar agradecidos”.

2 “Danme unha pena inmensa pero non podo facer nada por eles”.

3 “Que se amolen. Cando eu teño problemas, tampouco me axuda ninguén”.

4 “Non podo facer nada por eles, pero sinto como propia a súa dor e solidarízome con eles”.

5 “Están así pola súa culpa. Que traballen, xa verás como logran saír desa situación”.

6 “Eu teño poucos medios, pero quero compartir con eles e axudarlles no que poida”.

- ▶ ¿Danse estas actitudes? ¿Cal che parece a máis axeitada?
- ▶ Cando alguén necesita algo de ti, ¿que actitude adoitas ter?



## Oídos atentos

### A Igrexa, coma Xesús, servidora dos pobres

Os pobres e necesitados ocuparon un lugar importante na predicación e na actividade de Xesús.

#### 1 Xesús e os pobres

■   
O Noso Señor Xesucristo, sendo rico, fíxose pobre por vós, para enriquecervos coa súa pobreza. (2 Cor 8,9).

Endemoñados  
Publicanos  
Prostitutas

■   
E estando na casa de Mateo, viñeron moitos recadadores e pecadores e puxéronse á mesa con Xesús. (Mt 9,10).

Pecadores

Viúvas  
Mendigos  
Orfos

Pobres

Enfermos

Paralíticos  
Cegos  
Leptosos

■   
O Espírito do Señor... envioume a levar a Boa Nova aos pobres. (Lc 4,18).

Marxinados

■   
Os cegos ven e os coxos andan, os leptosos fican limpos e os xordos oen, os mortos resucitan e aos pobres anúncialles a Boa Nova. (Mt 11,5)

Mulleres  
Nenos  
Estranxeiros

- ▶ ¿Que admiras máis no comportamento de Xesús cos pobres?
- ▶ ¿En que necesitamos imitalo máis os cristiáns de hoxe?

#### 2 ¿Que di Xesús sobre os pobres?



Se queres ser perfecto, vai, vende canto tés, e dállelo aos pobres, e terás un tesouro no ceo; despois, ven e sígueme. (Mt 19,21)



Cando deas un banquete convida aos pobres, eivados, coxos, e cegos. (Lc 14,13)



Asegúrovos que canto fixestes cun destes meus irmáns máis pequenos, fixéstelo comigo. (Mt 25,40)



Fillo, recorda que ti recibiches bens na túa vida, mentres Lázaro recibiu males; agora el recibe consolo e ti tormento. (Lc 16,25)

► ¿Que valoras máis do que dixo Xesús dos pobres?

### ■ 3 ■ A Igrexa dos primeiros tempos e os pobres

A Igrexa, seguindo o consello de Xesús, preocupouse sempre dos pobres e necesitados. Así o ensinan e practican os Apóstolos dende o principio.



Diariamente atendían ás viúvas. (Feit 6,1)  
Soamente nos mandaron que mirásemos polos pobre. (Gál 2,10)



Macedonia e Acaia fixeron unha colecta a prol dos pobres que hai entre os santos de Xerusalén. (Rom 15,26)



Trátase de que haxa igualdade para todos. Neste momento a vosa abundancia pode remediar a carencia deles, para que a abundancia deles poida vir en auxilio da vosa carencia. (2 Cor 8,13-14)



Se a un irmán... lle falta o pan de cada día, e un de vós dille: "Vai en paz...", sen darlle aquilo que lle compre, ¿que proveito leva? (Sant 2,15-16)

### ■ 4 ■ A Igrexa de hoxe e os pobres

Tamén nós, os cristiáns actuais, estamos chamados a comportarnos cos pobres coma Xesús e a Igrexa dos primeiros tempos.

- Compartimos con eles os propios bens
- Tratámoslos como amigos
- Servímoslos coma se fose a El mesmo
- Evitamos toda inxustiza cos pobres
- Facemos colectas para axudarlles aos pobres doutros países
- Denunciamos con valentía as desigualdades e inxustizas

1	2	3	4	5
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

► Cualifica cada un deses seis aspectos do 1 ao 5 segundo o que fagamos: nada (1), pouco (2), máis ou menos (3), bastante (4) ou moito (5).

► ¿Qué grupo ou institución coñeces que faga algo disto? ¿Que hai disto na túa parroquia?



## Memoria esperta

### Xesús e a Igrexa dos pobres

A Igrexa trata de estar preto dos pobres. Invítanos a axudarlles, atendelos nas súas necesidades e a libéralos dos males que sofren.

- ¿Viviú Xesús a pobreza?
- ¿Como se comportaba con eles?

- ¿Que lles anuncia Xesús aos pobres?
- ¿Cal é a actitude da Igrexa de cara aos pobres?



## Mans activas

### Solidarios cos pobres

Nosoutros, coma cristiáns e membros da Igrexa, habemos de ser solidarios cos pobres.

- **Por parte dos cristiáns, os pobres han de ser...**

Buscados	Axudados	Socorridos	Preferidos
Apoiados	Liberados	Asistidos	Favorecidos
Amparados	Promovidos	Atendidos	Compadecidos
Amados	Animados	Servidos	Protexidos
Respectados	Consolados	Defendidos	Fortalecidos
Apreciados	Acompañados	Sostidos	Queridos

- ▶ Subliña as palabras que expresan mellor o que debe facerse cos pobres.
- ▶ ¿Son tratados realmente así os pobres? ¿Que podemos facer para que o sexan?